

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA CUALIFICACIÓN POSITIVA

- 1º de ESO

Léxico / Vocabulario

- Relacionado cos temas tratados: números e cores, días e meses, material escolar, países, nacionalidades e membros da familia, rutinas e actividades de tempo libre, animais e partes do corpo, cuartos da casa, móbeis e tarefas do fogar, comida, bebida e sentimentos, deportes e verbos de acción, lugares do barrio e preposicións de lugar, roupa e adxectivos, medios de transporte e xeografía, partes do corpo, natureza e móbeis.
- Fórmulas e expresións correspondentes ás funcións e temas tratados no curso.

Estrutura e funcións da lingua

- Uso da linguaxe que se utiliza na clase: instrucións e preguntas. O verbo **to be**; as partículas interrogativas (unidade de introdución).
- Saúdos e presentacións. Intercambio de información persoal. **Have got**; os pronomes posesivos; uso das maiúsculas (unidade 1).
- Expresión de rutinas e de accións. O *Present Simple*, os adverbios de frecuencia e as expresións temporais que o acompañan; o xenitivo saxón (unidade 2).
- Intercambio de información e descrições. O *Present Simple* en afirmativa e interrogativa; uso correcto da puntuación (unidade 3).
- Expresión de accións en curso e descrições. O *Present Continuous* e as expresións temporais que o acompañan; contraste entre o *Present Simple* e o *Present Continuous*; a orde de palabras na frase (unidade 4).
- Expresión de gustos e preferencias. Fórmulas para pedir comida. **There is / there are**; os nomes contábeis e non contábeis; **a, an, some, any**; a orde dos adxectivos na frase (unidade 5).
- Expresión de habilidade, obrigación e prohibición. **Can; must / mustn't**; adverbios de modo e de intensidade. As conxuncións **and, but** e **because** (unidade 6).
- Narración de accións pasadas. O verbo **to be** en pasado e as expresións temporais que o acompañan; **there was / there were**; as normas de puntuación (unidade 7).
- Narración de accións pasadas. O *Past Simple* e as expresións temporais que o acompañan; os pronomes demostrativos; os conectores de secuencia **first, then, next** e **finally** (unidade 8).
- Expresión de plans futuros e intencións. O futuro con **be going to** e as expresións temporais que o acompañan; o *Present Continuous* con valor de futuro; os erros nos textos escritos (unidade 9).